



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

MÁSTER OFICIAL ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS. IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS

O mundo clásico na Idade Media

Profesores

José Carracedo Fraga (coord.)

Fátima Díez Platas

Santiago Gutiérrez García

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO

Curso 2021-2022

FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORES: José Carracedo Fraga, Fátima Díez Platas, Santiago Gutiérrez García

Edición electrónica. 2021

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA E PROFESORADO

Nome e código: “O mundo clásico na Idade Media” (P5091204)

Tipo de materia: optativa

Número de créditos teóricos e prácticos: 6 créditos ECTS: 18 horas de clases expositivas e 24 horas de clases interactivas de seminario

Horario: 2º cuatrimestre: xoves e venres desde o 13 de xaneiro ao 25 de marzo 2022 de 18:30 a 20:30 horas na aula D03 da Facultade de Filoloxía

Prerrequisitos recomendados: non se require coñecemento previo de linguas antigas, aínda que se verán textos en latín, grego ou linguas vernáculos medievais explicados polos profesores

Profesores:

José Carracedo Fraga, coordinador da materia, área de Filoloxía Latina (jose.carracedo@usc.es)

Fátima Díez Platas, área de Historia da Arte (fatima.diez@usc.es)

Santiago Gutiérrez, área de Filoloxía Románica (santiago.gutierrez@usc.es)

Linguas en que se imparte: galego e castelán

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

Esta materia, de carácter optativo, ofrece a posibilidade de experimentar de forma inmillorable o carácter interdisciplinar deste Máster, ao estar dedicada a analizar como foi o tránsito da cultura clásica á Idade Media desde o punto de vista dos textos e das imaxes, e tamén desde a perspectiva das linguas “de partida” (textos escritos en grego ou latín) e “de chegada” (latín medieval, romance, outras linguas vernáculos).

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

Dar a coñecer os aspectos de continuidade e ruptura entre os elementos culturais sobre os que se asentaban a Antigüidade Clásica e a Idade Media.

Afondar nos fundamentos da cultura europea occidental, grazas ao estudo da transmisión dos principais elementos culturais que, a través da Idade Media, nos legou a Antigüidade

grecolatina.

Reflexionar sobre as condicións nas que se sustenta a percepción do pasado e a maneira en que esta inclúe sempre un proceso de (re)creación.

Desde un punto de vista máis particular, analizar o modo en que os homes do Occidente medieval concibían o devir histórico, os tempos pretéritos e, en especial, a época clásica.

4. CONTIDOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS

- 1.- Cuestións previas: visións do mundo antigo na Idade Media.
- 2.- Textos antigos e textos medievais: mutación e continuidade. A escola como factor de enlace. O mundo clásico nos *Carmina Burana*.
- 3.- Os contidos transmitidos. A materia antiga nas literaturas medievais de lingua romance. A percepción do pasado e a súa adaptación ao contexto da sociedade feudal.
- 4.- A pervivencia da Antigüidade nas imaxes do Medievo. Do "Virxilio Vaticano" ao "Ovidio Metamorphoseos vulgare" de 1497: mais de mil anos de imaxes do mito.

5. BIBLIOGRAFÍA

- Adhémar, J., *Influences antiques dans l'art du Moyen Âge français*, París, 1996.
- Barasch, M., "The Demonization of Classical Art", en: *The Language of Art. Studies in Interpretation*, New York, 1997.
- Baswell, C., *Virgil in medieval England : figuring the "Aeneid" from the twelfth century to Chaucer*, Cambridge, 1995.
- Buonocuore, M. (ed.), *Vedere i Classici: l'illustrazione libraria dei testi antichi dall'età romana al tardo medioevo*, Roma, 1996
- Baumgartner, E. - Harf-Lancner, L. (eds.), *Entre fiction et histoire: Troie et Rome au Moyen Âge*, París, 1997.
- Blázquez, J. M., *Intelectuales, ascetas y demonios al final de la Antigüedad*, Madrid, 1998.
- Buschinger, D. (ed.), *Le roman antique au Moyen Age: Actes du colloque du Centre d'études médiévales de l'Université de Picardie, Amiens, 14-15 janvier 1989*, Göppingen, 1992.

- Carracedo Fraga, J. (ed.-trad.), *Carmina Burana: poemas de amor*, Vigo, 2004.
- Casas Rigall, J., *La materia de Troya en las letras romances del siglo XIII hispano*, Santiago de Compostela, 1999.
- Constans, L. (ed.), *Le Roman de Troie*, New York, 1968.
- Courcelle, P.-J., *Lecteurs Païens et Lecteurs Chrétiens de l'Énéide*, 2 vols., Paris, 1985-1986.
- Croizy-Naquet, C., *Thèbes, Troie et Carthage: poétique de la ville dans le roman antique au XIIe siècle*, Paris, 1994.
- Curtius, E. R., *Literatura Europea y Edad Media Latina*, 2 vols., México, 1954.
- Desmond, M., *Reading Dido. Gender, textuality, and the Medieval Aeneid*, Minneapolis-London, 1994.
- Díaz y Díaz, M. C., *Index Scriptorum Latinorum Medii Aevi Hispanorum*, 2 vols., Salamanca, 1958-59.
- Harf-Lancner, L. et alii (eds.), *Contes de Troie et d'Alexandre: pour Emmanuèle Baumgartner*, Paris, 2006.
- Heitz, C., *Recherches sur les rapports entre architecture et liturgie à l'époque carolingienne*, Paris, 1963.
- Jung, M. R., *La légende de Troie en France au Moyen Age: analyse des versions françaises et bibliographie raisonnée des manuscrits*, Basel 1996.
- Krautheimer, R., *Rome profile of a city, 312-1308*, Princeton, 2000.
- Moralejo Álvarez, J. L., "Literatura hispano-latina (siglos V-XVI)", en J.M. Díez Borque (coord.), *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, Madrid, 1980, pp. 13-137.
- Nees, L., *A Tainted Mantle. Hercules and the Classical Tradition at the Carolingian Court*, Philadelphia, 1991.
- Panofsky, E., *Renacimiento y renacimientos del arte occidental*, Madrid, 1981.
- Petit, A., *L'anachronisme dans les romans antiques du XIIe siècle*, Lille, atelier national de reproduction des Thèses, Lille, 1985.
- Seznec, J., *Los dioses de la antigüedad en la Edad Media y el Renacimiento*, Madrid, 1983.

Survival of the Gods: Classical Mythology in Medieval Art, Exhibition Catalogue, Providence, 1987.

Traill, D. A. (ed.-trad.), *Carmina Burana*, 2 vols., Cambridge MA, 2017.

Van Peteghem, J., *Italian Readers of Ovid from the Origins to Petrarch. Responding to a Versatile Muse*, Leiden, 2020.

Warburg, A., *El renacimiento del paganismo: aportaciones a la historia cultural del Renacimiento europeo*, Madrid, Alianza, 2005.

6. COMPETENCIAS QUE SE DEBEN ACADAR

Coñecemento de textos, formas e imaxes do repertorio medieval e capacidade para dotalas dunha interpretación en función do coñecemento de textos e imaxes do repertorio clásico.

Coñecemento dos mecanismos para a integración do pensamento, da estética e do imaxinario propio do mundo antigo no mundo medieval e análise crítica deses mecanismos.

Capacidade para percibir a distancia e a continuidade entre o mundo antigo e o mundo medieval.

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

1. As clases expositivas consistirán en explicacións dos temas propostos por parte dos profesores.

2. Nas clases de seminario realizaranse exercicios prácticos de lectura e comentario de textos e imaxes baixo a guía dos profesores. Neses exercicios requirirase a participación activa dos alumnos.

3. Dentro das actividades non presenciais dirixidas o estudante deberá ler algunhas páxinas seleccionadas de bibliografía e deberá ir elaborando un traballo individual que será utilizado como elemento de avaliación. Ese traballo consistirá nunha recensión crítica dunha obra acordada cos profesores entre as citadas na bibliografía recomendada (preferentemente Panofsky, Sez nec ou Warburg); nesa recensión deberá poñerse en relación o contido da obra cos contidos estudados na materia. O traballo deberá ser entregado a través da aula virtual antes do 13 de maio de 2022 para a primeira oportunidade e antes do 15 de xuño de 2022 para a segunda oportunidade.

4. Utilizarase a aula virtual da USC para aloxar materiais e para a realización dalgunhas actividades prácticas.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Os elementos que se terán en conta para unha avaliación continua nas dúas oportunidades oficiais serán os seguintes:

1. A asistencia regular ás clase e a participación activa e pertinente nas diferentes actividades propostas supoñerán o 30% da cualificación final. A asistencia será controlada mediante sinatura.
2. O traballo descrito no punto 3 da apartado “Metodoloxía” permitirá conseguir o 70% restante da cualificación total.

Os estudantes con dispensa oficial de asistencia a clases serán avaliados nas dúas oportunidades exclusivamente mediante o traballo indicado no punto 3 da apartado “Metodoloxía”.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios e probas será de aplicación o recolleito na “Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións” da USC.

9. ORGANIGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) dedicaranse a traballo dirixido polos profesores e as outras 75 horas (50%) a traballo libre por parte dos alumnos.

As horas de traballo dirixido distribuiranse en 48 horas de actividades formativas presenciais (o que supón o 64% do total) e 27 de actividades dirixidas non presenciais (36%).

A distribución de horas entre as actividades dirixidas será a seguinte:

- Clases expositivas: 18 horas
- Clases prácticas de seminario: 24 horas.
- Titorías: 6 horas.

- Lecturas, preparación de exercicios e realización do traballo final: 27 horas.

10. OBSERVACIÓNS

PLAN DE CONTINXENCIA para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-22:

A. Escenario 2: distanciamento (restricións parciais á presencialidade física):

1. Metodoloxía do ensino:

A docencia expositiva será impartida maioritariamente de forma virtual síncrona mediante as ferramentas tecnolóxicas postas a disposición pola USC, principalmente: campus virtual, correo electrónico, MS Teams. Os profesores proporcionarán aos estudantes os diferentes materiais e recursos necesarios para o seguimento dos contidos teóricos ou indicaranlles a maneira de poder acceder a eles.

As actividades prácticas desenvolveranse maioritariamente nas clases presenciais de acordo co explicado máis arriba no punto 2 do apartado “Metodoloxía”.

As titorías realizaranse prioritariamente por vía telemática.

2. Sistema de avaliación nas dúas oportunidades:

Manterase o sistema de avaliación continua nas dúas oportunidades atendendo aos seguintes elementos:

- A asistencia e participación activa nas clases presenciais e o seguimento continuado e pertinente das actividades virtuais representará o 30% da cualificación.
- O 70% restante da cualificación final corresponderá á realización do traballo explicado máis arriba no punto 3 do apartado “Metodoloxía”.

Os estudantes con dispensa oficial de asistencia serán avaliados exclusivamente mediante este traballo final, ao que corresponderá o 100% da cualificación.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na “Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións” da USC.

B. Escenario 3: peche das instalacións:

1. Metodoloxía do ensino:

Tanto a docencia expositiva como a docencia práctica interactiva serán desenvolvidas de

forma virtual síncrona mediante as ferramentas tecnolóxicas postas a disposición pola USC, principalmente: campus virtual, correo electrónico, MS Teams. Os profesores proporcionarán aos estudantes os diferentes materiais e recursos necesarios para o seguimento dos contidos teóricos e prácticos ou indicaranlles a maneira de poder acceder a eles.

As titorías realizaranse por vía telemática.

2. Sistema de avaliación:

Nas dúas oportunidades manterase o sistema de avaliación continua baseado nos seguintes elementos:

- O 30% da cualificación final outorgarase pola continuidade no seguimento das diferentes actividades e pola calidade dos resultados desas actividades que sexan obxecto de entrega por parte dos alumnos de forma individual ou colaborativa.
- O 70% restante da cualificación corresponderá á realización do traballo individual explicado máis arriba no punto 3 do apartado “Metodoloxía”. Os resultados dos traballos serán comentados entre os profesores e cada estudante mediante unha entrevista a través de MS Teams dunha duración non superior a 15 minutos.

Os estudantes con dispensa oficial de asistencia serán avaliados exclusivamente mediante o traballo indicado no parágrafo anterior, ao que corresponderá o 100% da cualificación.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recolleito na “Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións” da USC.